



"Os xornais non poden esgotar páxinas en historias xa contadas"

Francisco Campos, profesor na facultade de Comunicación da USC, cre que o maior desafío do sector é adaptarse ós cambios. **Páx. 38**



"O PP quere manter a supremacía do idioma oficial do Estado"

O filólogo Xosé Manuel P. Sardón di que a emigración, o exodo rural e a escola franquista cocifilaron o caldo da imposición. **Páxs. 30-31**

Feijóo celebra o seu primeiro ano na Xunta facendo o Camiño

Vestido con pantalóns vaqueiros e calzando zapatillas deportivas, o presidente da Xunta chama todos os galegos a apoiar o ano Xacobeo. **Páxina 7**

LUNS 19.04.2010 • N.º 2.511 • FUNDADO EN 2003 • DIRECTOR: CAYETANO DÍAZ VIDAL

www.galiciahoxe.com • 1 EURO

Galicia Hoxe

LUNS 19

ÚNICO DIARIO EN GALEGO

SANTOS-DÍEZ



LUZ POZO BRILLA E ACAPARA PREMIOS

CEA DAS LETRAS. Luz Pozo Garza recibiu dous recoñecementos en moi poucas horas, o Premio da Crítica e o da Asociación de Escritores en Lingua Galega. Como nos premios Irmandade do Libro, dedicou, esta vez, o seu galardón ás mulleres de Galicia. "Creo que

as mulleres poden sentirse igual que eu me sinto cuando escribo", dixo. Na imaxe, a poeta, a carón do presidente da entidade, Cesáreo Sánchez, dirixese ós asistentes ó acto da AELG, unha Cea das Letras na que se entregaron tamén o resto dos premios. **Páxina 29**

O BNG PIDE A RETIRADA DO PLAN DO LITORAL PORQUE "PROTEXE" AS DESFEITAS

■ Veno claramente permisivo con actuacións que coliden coa costa, como son certas industrias ou as instalacións acuícolas **Páx. 8**

DISQUE DISQUE


O presidente dos mil plans

Disque O Noso Alberto anunciou outro plan cheo de medidas anticrise. Xa era raro que levara tanto tempo sen anunciar algúin, coa devoción que lle ten e o lucidas que lle quedan as presentacións multimedia debeu decidir que chamarles orzamentos ós idem era pouco moderno. Rebaixounos como plans estratégicos, que dál máis impresión de ir amañar algo. Non engade nada, nin os fai mellores, pero tam poco rompe nin estraga cousa ningunha. Vai un ano de goberno e saímos a plan por mes para amañar o que o do mes anterior non deu enderezado. A realidade é temida. Non se amaña nin con mil rodas de prensa.



ANTÓN
LOSADA

SONDEOS GUERRA
POZOS DE BARRENA



(Aqua garantida)

TOMAS DE TERRA

**PERFORACIONES PARA
ENERXÍA XEOTÉRMICA**

Teléfono: 981 503 096 • Móviles: 608 181 803 / 606 307 605
VAAMONDE • TEO • SANTIAGO

LETRAS Luz Pozo Garza é recoñecida no mesmo día co galardón da AELG ao mellor libro de poesía publicado no 2009 e co Premio da Crítica española na modalidade de poemario en galego

"Como o primeiro día"

Xosé Cid Cabido foi o autor de narrativa escollido pola asociación de escritores

Montse Dopico · Santiago

Emociona sempre, ainda que leves anos de experiencia. Como o primeiro día. Ademais, en Galicia a xente é moi xenerosa, consideran moito o traballo persoal que se fai". Así se expresa a poeta Luz Pozo Garza, unhas horas despois de recibir, o sábado á noite na Cea das Letras, o premio á mellor obra de poesía publicada no 2009 da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG). Foi unha xornada intensa para a escritora: o mesmo día do acto da AELG, pola tarde, chegábase a noticia de que gañara, pola mesma obra, *Deter o día cunha flor*, o Premio da Crítica española no apartado de poesía en lingua galega.

Luz Pozo é unha escritora curtida nisto dos recoñecementos. Conseguiu o Premio de Poesía Miguel González Garcés por *Prometo a flor do loto*. Hai pouco foi elixida mellor autora nos XIX premios firmadade do Libro da Federación de Libreiros de Galicia. A súa poética, existencial e vitalista, reflexe o seu optimismo natural. "Non creo que vayan cumplirse os malos prognósticos sobre o galego", afirma sobre a lingua dos seus poemas. O idioma "vai coa alma, o amor á terra, forma parte de nós", asegura. Ademais, salienta, críticos e institucións reconócen a literatura galega dun xeito "cada vez máis intenso e extenso".

Como nos premios firmadade do Libro, dedicou, esta vez, o seu galardón ás mulleres de Galicia. "Creo que as mulleres poden sentirse igual que eu me sinto cando escribo", indica. *Deter o día cunha flor* é unha revisión dos seus vellos temas: a vida, o amor... "pero doutro xeito. O tratamento dos temas vai evolucionando", di.



Pola esquerda, Juan Gelman, María Alonso, Agustín Fernández Paz, Manolo Rivas e Luz Pozo Garza, nun momento do acto de entrega dos premios

dón ás mulleres de Galicia. "Creo que as mulleres poden sentirse igual que eu me sinto cando escribo", indica. *Deter o día cunha flor* é unha revisión dos seus vellos temas: a vida, o amor... "pero doutro xeito. O tratamento dos temas vai evolucionando", di.

Na Cea das Letras entregáronse tamén o resto dos premios da AELG deseño. Os galardoados foron Xesús

Alonso Montero, pola súa obra *Cartas de republicanos galegos condenados a morte (1936-1948)* (Xerais), na modalidade de ensaio; Agustín Fernández Paz, por *Luz do Senegal* (Xerais), en literatura infantil e xuvenil; Xosé Cid Cabido, pola súa obra *Unha historia que non vou contar* (Xerais) en narrativa; Bartug Aykam e María Alonso Seisdedos, pola tradución da obra O

museo da inocencia, de Orhan Pamuk (Galaxia); Rubén Ruibal, pola súa obra *Delimvois* (Xerais/IGAEM), en teatro; Manuel Rivas pola súa traxectoria xornalística; o director de Xerais, Manuel Bragado, polo seu blog *Brétemas*; o Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra na modalidade de institucións e Juan Gelman na de escritor Galego Universal.

Da concuxión de votos emitidos nunha primeira quenda polos asociados/as á AELG –coa participación de Gáliz e o Colexio de Xornalistas–, claborouse unha listaxe de obras finalistas correspondentes a cada xénero, sobre a que os socios e socias emitiron de novo o seu voto nunha segunda quenda para elixir as obras gañadoras dos Premios AELG. •